

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Segundo idioma estranxeiro III: Alemán				
Materia	Segundo idioma estranxeiro III: Alemán			
Código	V01G180V01305			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sánchez, María José			
Profesorado	Corvo Sánchez, María José Pauser , Maxi			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos, que se imparte no primeiro cuadrimestre do segundo curso do grao, e que está concibida como unha continuación das materias Segundo Idioma estranxeiro I e II: Alemán (niveles A1.1 e A1.2), impartidas no primeiro ano, como un curso de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén esta lingua. Esta materia é, logo, un paso máis na progresión de coñecementos da lingua cotiá alemá e do seu uso nos países de fala alemá, e de modo principal en Alemaña, Austria e Suíza. O curso persegue o paso do nivel A1.2 a A2.1.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

C14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C15	Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C16	Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas.
C17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C18	Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
C19	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.
C147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento do segundo idioma como lingua extranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A2 A4 A5	B1 B3 B5 B10	C14 C15 C17 C18 C19
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10	C15 C16 C17 C18 C19 C147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10	C15 C16 C17 C18 C19 C147

Contidos

Tema	
1. Aussprache (III): Fremdwörter Besondere Pluralformen	Im Sprachkurs In der Klasse
2. Perfekt und Präteritum: Wiederholung und Ergänzung Modalverben	Familienstammbaum Daten der Geschichte Familiengeschichten
3. Genitiv (III). Präpositionen + Genitiv Komposita (III)	Lebensmittel und Speisen
4. Deklination des Adjektivs	Einkaufen, Einkaufzettel Verpackung und Gewichte
5. Die Komparation (II) Wortbildung: Adjektive	Stadtbesichtigungen Tourismus
6. Temporale Präpositionen (III) Schwache Deklination des Substantivs (II) Substantivierte Adjektive	Kultur Veranstaltungen
7. Trennbare oder/ und untrennbare Verben Konjunktiv II: Modalverben	Sport und Fitness Sportarten
8. Nebensätze: - weil - dass - wenn - als - bis, seit(dem), usw.	Krankheit, Unfall Im Restaurant Ernährung, Essgewohnheiten Sprachen lernen. Lerntipps Mobilität und Verkehr. Internet/Online Anmeldungen
9. Zeitformen: Pluskuamperfekt Nebensatz: Nachdem	Weihnachten

10. Partículas modales	Deutsche typische Gerichte
Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	8	16
Traballo tutelado	40	80	120
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, outros libros e lecturas complementarios e outras ferramentas en liña para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Lección maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxica e cultural.
Traballo tutelado	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións, elaboración de actividades ou traballos individuais complementarios e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na preparación e realización das probas, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Valoración continua da participación activa en todas as actividades desenvolvidas no aula. Puntuación dos traballos e exercicios entregados durante o curso nas clases teóricas e prácticas.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B10	C17 C18 C19 C147
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico, gramatical y cultural; proba oral de apoio en casos puntuales que o requiran, como avaliación única ou casos dubidosos con baixa nota no escrito. A nota sería a suma de ambas probas (escrita e oral).	60	A3 A4	B5	C14 C15 C16 C17 C18 C19 C147

Outros comentarios sobre a Avaliación

Odesenvolvemento desta materia apóiase no método MENSCHEN e o emprego do seu manual ou LEHRBUCH, do libro de exercicios ou ARBEITSBUCH e do GLOSSAR ou guía ten **carácter obligatorio**: véxanse as referencias destes libros na sección de bibliografía desta guía. É responsabilidade do alumnado obter unha copia impresa ou digital de devanditas referencias para obo seguimiento do curso.

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de **avaliación**

continua de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba.

Para obter o 40% establecido para os traballos de aula, atenderase á participación regular e activa na aula (orientativamente, sobre a base dunha asistencia non inferior ao 80% das horas totais), además da entrega de traballos. Os criterios serán explicados na primeira sesión do cuadrimestre e serán publicados en Faitic. A proba escrita realizarase na data fixada para esta materia no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT. Para poder presentarse a ela é requisito obter polo menos un 4 nas actividades ou traballos de aula.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua debe comunicarlle áprofesora responsable da materia (María José Corvo Sánchez) que se acolle á **avaliación única** ao comezo do curso,durante as primeiras dúas semanas de clase.

Este alumnado deberá realizar un exame escrito sobre os contidos da materia (e as leccións do método Menschen), que serealizará na data oficial fixada no calendario aprobado pola Xunta da FFT, e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para superala. O primeiro cun valor do 50% e o segundo cun valor do 50% da nota. Así mesmo, para poder presentarse á proba oral é requisito obter polo menos un 4 na proba escrita.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación continua, exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación, que se realizará na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta deFFT.

Quen durante o curso obtivo un resultado positivo pola súa participación activa nas clases, pode recibir unha mellora da súa nota agora de ata 2 puntos sobre 10, si así o considera a profesora responsable.

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación única este exame ten unvalor do 50% da nota. Este alumnado terá que facer tamén unha proba oral polo 50%da cualificación para superar a materia. Esta realizarase nunha data concertada co profesorado e para poder facela é requisito obter polo menos un 4 na proba escrita.

ADEMÁIS , en calquera das convocatorias de exames e independentemente da modalidade, continua ou única,debe terse en conta también o seguinte.

En todas as achegas evaluables, as notas non deberán ser inferior a 4 para superar a materia. Os resultados positivos obtidos na primeira convocatoria de exames (avaliación continua e única), malia a non superación da materia, gardaríanse para a nota da segunda convocatoria, de modo que o alumnado non tivese que repetir unha aportación evaluable xa superada.

O profesorado pode esixir a realización dunha proba oral complementaria a aquel alumnado que, segundo o seu criterio razoado, non demostrase suficiente competencia na materia, porque o profesorado por calquera causa precise confirmar mellor o seu nivel na materia ou ben en caso de sospeita da autenticidad da autoría de calquera achega evaluable (traballo de aula, traballos escritos, exames), xa sexa por copia ou por plagio. O contido estaría orientado a unha ou máis das achegas evaluables e a nota repercutiría, respectivamente, na porcentaxe establecida para cada unha delas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Charlotte Habersack, Angel Pude, Franz Specht, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Kursbuch. ISBN: 9783193019028**, 2013

Anna Breitsammer, Sabine Glas-Peters, Angela Pude, **Menschen DaF Arbeitsbuch A2.1 (mit Audio-CD). ISBN: 9783193119025**, 2013

Carmen de Mier Morante et al., **Menschen DaF Glossar XXL A2.1/ Guía Deutsch-Spanisch/ Alemán-Español. ISBN: 9783191919023**, 2014

Bibliografía Complementaria

Collins, **Diccionario Compact**, HarperCollins Publishers, 2013

E. Tschirner, **Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch**, Cornelsen, 2008

H. Davies, **Diccionario de alemán**, Susaeta Ediciones,

Langenscheidt, **Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español**, Langenscheidt, 2009

Langenscheidt, **Diccionario Básico**, Langenscheidt, 2001

Langenscheidt, **Taschenwörterbuch Deutsch als Fremdsprache**, Langenscheidt, 2003

Pons, **Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch**, Ernst Klett Sprachen GmbH, 2009

Larousse Planeta, **Vocabulario Básico del alemán**, España, Larousse Planeta, 2013

B. Braucek, A. Castell, **Verbos alemanes**, Idiomas, 2002

A. Castell, **Gramática de la lengua alemana**, Idiomas, 2011

B. Corcoll, **Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes**, Herder, 1999

H. Funk et al., **Deutsche Grammatik**, Cornelsen, 2006

R. Horbert, **Der kleine Duden. Gramática del alemán**, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas, 2004
Larousse, **Gramática Alemana**, Larousse Editorial S. A., 2009
G. Ruipérez, **Gramática Alemana**, Cátedra, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Segundo idioma estranxeiro IV: Alemán/V01G180V01405
Segundo idioma estranxeiro V: Alemán/V01G180V01605

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán/V01G180V01107
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán/V01G180V01206

Outros comentarios

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán equivalentes a 12 créditos desta materia (A1.2).

Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ademais ter en conta os aspectos seguintes:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
3. O alumnado visitante en programas de intercambio con universidades estranxeiras, deberá ter en conta a lingua e o nivel de lingua do curso.
4. Ademais dos contidos e pertinencia dos exercicios e exame escrito, valorarase a corrección lingüística dos mesmos.

Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A2.1 en alemán.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

De acordo con isto, débense ter en conta as seguintes consideracións para calquera das convocatorias de exames.

Manteranse as metodoloxías docentes e a atención ao alumnado, aínda que adaptadas á situación que concorra en cada caso, mediante Campus Remoto e a través do sistema de Despachos e outras ferramentas virtuales, ademais do uso de Faitic e do correo electrónico.

Manteranse o sistema e os criterios de avaliación, aínda que poderían considerarse as seguintes modificacións.

No caso da modalidade da evaluación continua, as porcentaxes de avaliación descritos pasarían a ser 50% para o traballo de aula (valoración continua da participación activa do alumnado na presentación e control das diferentes actividades, ordinarias e complementarias) e 50% para a proba escrita.

No caso da modalidade da evaluación única, as porcentaxes de avaliación descritas pasarían a ser 50% para a elaboración dun traballo escrito extenso (superior a 15 páxinas) de carácter lingüístico ou cultural e 50% para o exame ou proba escrita. A profesora responsable da materia será quen determinará o contido e o desenvolvemento do traballo escrito e acordarao co alumnado. O traballo escrito debe ser entregado con anterioridad á celebración do exame escrito; a data límite de entrega é ás 12:00h do venres anterior ao día do exame escrito. A entrega do traballo será requisito previo para que o alumnado poida optar á realización do exame.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.